



RESOLUCIÓN do 2 de xullo de 2021, da Universidade da Coruña, para nomear e publicar a composición da comisión que valorará o concurso específico para a provisión de diversos postos de traballo correspondentes ao persoal funcionario de administración e servizos.

Mediante a Resolución do 3 de xuño de 2021 (DOG do 15 de xuño) convocouse o concurso específico para a provisión de diversos postos de traballo correspondentes ao persoal funcionario de administración e servizos da Universidade da Coruña.

Esta Xerencia, no uso das atribucións conferidas no artigo 40 dos Estatutos desta Universidade, aprobados polo Decreto 101/2004, do 13 de maio (DOG do 26 de maio), e da delegación de competencias operada por Resolución reitoral do 14 de xaneiro de 2020, e conforme ao establecido na base sexta da convocatoria,

RESOLVE:

Publicar a composición da comisión, que figura no anexo desta resolución, que valorará o concurso específico para a provisión de diversos postos de traballo correspondentes ao persoal funcionario de administración e servizos da Universidade da Coruña.

A Comisión de Valoración terá a categoría primeira das recollidas no Decreto 144/2008, do 26 de xuño, polo que se modifica o Decreto 144/2001, do 7 de xuño, de indemnizacións por razóns de servizos ao persoal con destino na Administración autonómica de Galicia.

A Coruña, asinado dixitalmente

O xerente

P.D. reitor (14.01.2020)

Ramón del Valle López



ANEXO

COMISIÓN DE VALORACIÓN

Presidente:

Víctor Manuel Cabrera Sánchez, funcionario da Universidade da Coruña.

Vogais:

Ramón José Noguero Gómez, funcionario da Universidade da Coruña.

María Teresa Rodríguez Facal, funcionaria da Universidade da Coruña.

María del Pilar Roel Vilas, funcionaria da Universidade da Coruña.

Secretaria:

Alejandra María Rodríguez Fernández, funcionaria da Universidade da Coruña.